



### CONCELLOS

#### BURELA

##### Anuncio

#### EXPEDIENTES 1605/2021 E 1606/2021. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XULLO 2021.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 08 de setembro de 2021 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xullo de 2021 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 7.169,76 €, correspondendo 1.148,40 € a libre concorrencia e 6.021,36 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 13 de setembro de 2021.- O Alcalde - Presidente, Alfredo Llano García.

R. 2683

### CASTROVERDE

##### Anuncio

#### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA POLA QUE SE APROBA E SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DE ASPIRANTES, ADMITIDOS E EXCLUIDOS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO POR QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C, SUBGRUPO C2, DO CONCELLO DE CASTROVERDE

A Xunta de Goberno en sesión do 21 de xullo de 2021 aprobou a convocatoria e as Bases reguladoras das probas selectivas para cubrir en propiedade unha praza vacante de auxiliar administrativo/a, por quenda de promoción interna mediante concurso-oposición. As bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia num. 183, do 11 de agosto de 2021, e un extracto das mesmas no BOE num. 200, do 21 de agosto de 2021 e DOG num. 158, do 18 de agosto de 2021.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de admisión nas probas selectivas, de conformidade coas bases da convocatoria RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte lista provisional de aspirantes admitidos:

Aspirantes admitidos; Manuel Fernández Fernández ; DNI \*\*\*4632\*\*

Aspirantes excluídos: Ningún

**SEGUNDO.** Proceder á designación nominal do Tribunal cualificador do procedemento selectivo convocado, e que estará constituído polas/os seguintes membros:

**PRESIDENTE:**

Titular: Don Jesús Montouto González, funcionario da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona Ana Lucía Pardal Peña, funcionaria da Deputación Provincial de Lugo.

**VOGAIS**

Titular: Dona María Jesús Jato Puentes, funcionaria da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona Julia Vázquez Silvarrey, funcionaria da Deputación Provincial de Lugo.

Titular: Dona María Teresa Reija Iglesias, funcionaria da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona Inmaculada Lovelle Varela, funcionaria da Deputación Provincial de Lugo.

Titular: Don Manuel Amable Trabado Trabado, funcionario da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona María Elisa González López, funcionaria da Deputación Provincial de Lugo.

**SECRETARIA**

Titular: Dona Elvira de Dios Pérez, funcionaria do Concello de Castroverde.

Suplente: Dona Mónica Pérez Martínez, funcionaria do Concello de Castroverde.

**TERCEIRO.-** Desenvolvemento do proceso:

-Constitución do Tribunal e valoración de méritos: Venres día 1 de outubro de 2021 ás 09:30 horas.

-Primeiro exercicio: Venres día 1 de outubro de 2021 ás 10:00 horas.

O aspirante deberá ir provisto de DNI ou documento fidedigno acreditativo a súa identidade.

**CUARTO.-** Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e e na páxina web do Concello de Castroverde, a efectos de que os interesados no prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste edicto no B.O da Provincia poidan presentar reclamacións, que, no seu caso, serán resoltas polo Sr. Alcalde-Presidente. No caso de non presentarse, a lista, ata entón provisional, quedará elevada a definitiva, sen máis trámite.

Mándao e asíno o señor alcalde, don Xosé María Arias Fernández, do que eu Secretaria certifico.

Castroverde, 14 de setembro de 2021.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2684

## CERVO

### Anuncio

Elevado automaticamente a definitivo o acordo do Pleno do Concello de Cervo (Lugo) de data 5 de agosto de 2021, aprobando inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 13/2021, vía crédito extraordinario núm. 1/2021, dentro do vixente Presuposto Municipal, por non presentarse reclamacións contra os mesmos, de acordo co preceptuado no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o resumo por Capítulos do Estado de Gastos e Ingresos unha vez incorporada a devandita modificación:

Cap. Ingr.	Denominación	Consignación anterior	Modificación prevision	Consignación definitiva
1	Impostos directos	2.658.768,99	0,00	2.658.768,99
2	Impostos indirectos	14.791,24	0,00	14.791,24
3	Taxas e outros ingresos	2.219.392,44	0,00	2.219.392,44
4	Transferencias corrientes	2.009.977,05	0,00	2.009.977,05
5	Ingresos patrimoniais	4.906,20	0,00	4.906,20

6	Alleamento invest. reais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	748.693,02	0,00	748.693,02
8	Activos financeiros	27.099,82	397.399,16	424.498,98
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	7.683.628,76	397.399,16	8.081.027,92

Cap. Gtos	Denominación	Consignación anterior	Modificación provisiones	Consignación definitiva
1	Gastos de personal	3.511.008,96	0,00	3.511.008,96
2	Gastos bens crtes e servizos	2.174.905,43	0,00	2.174.905,43
3	Gastos financeiros	7.000,00	0,00	7.000,00
4	Transferencias corrientes	379.100,00	0,00	379.100,00
5	Fondo de continxencia	0,00	0,00	0,00
6	Investimentos reais	1.345.452,67	397.399,16	1.742.851,83
7	Transferencias capital	0,00	0,00	0,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	266.161,70	0,00	266.161,70
	TOTAL	7.683.628,76	397.399,16	8.081.027,92

Cervo, 14 de setembro de 2021.-O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2685

## MONFORTE DE LEMOS

### Anuncio

LISTA DE ADMITIDOS, NOMEAMENTO DE TRIBUNAL E CONVOCATORIA PRIMEIRO EXERCICIO PROCESO SELECTIVO, POR PROMOCIÓN INTERNA, DUN /HA INSPECTOR/A DE POLICIA LOCAL , ESCALA EXECUTIVA GRUPO A2

Por Resolución de Alcaldía de data 13/09/2000 aprobouse a lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo, nomeouse ó tribunal e realizouse a convocatoria ó aspirante admitido para a realización do primeiro exercicio, dita resolución atopase exposta para o coñecemento xeral na web municipal [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) (apartado procesos selectivos) e no taboleiro de anuncios da casa consistorial.

Monforte de Lemos, 15 de setembro do 2021.- O ALCALDE, José Tome Roca.

R. 2696

## MURAS

### Anuncio

#### MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto que este Concello está a organizar a Feira anual do Poldro en A Gañidoira, destinada principalmente á promoción da gandería autóctona, e visto que o desenvolvemento do evento afecta a intereses familiares da Alcaldía.

Visto o disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, Réxime Xurídico do Sector Público, artigo 76 da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, e artigos 21 e 22 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

De conformidade co establecido no artigo 21.3 e 23.4 da lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co artigo 61.3 e 4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

#### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.**–Delegar en dona Belén Chao Ramil, primeira tenente de alcalde, a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa organización, execución e todo o relacionado co desenvolvemento da Feira do Poldro do ano 2021 no lugar da Gañidora.

**SEGUNDO.**–A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

**TERCEIRO.**–O órgano delegado ha de informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

**CUARTO.**–A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tácitamente si non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

**QUINTO.**–A presente resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo..

**SEXTO.**–No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en devanditas normas.

**SÉTIMO.**– Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interperse, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no termo de dous meses, a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación. No entanto, poderá interpor calquera outro, si considerao conveniente.

**OITAVO.**– Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 14 de setembro de 2021.- Sr. Alcalde, D. Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D<sup>a</sup> Silvia Lamelas Soto, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 de 16 de marzo).

R. 2686

**SOBER**

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 14 de setembro de 2021, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo Gardería Infantil no Punto de Atención á Infancia do Concello de Sober, correspondente ao mes de Setembro de 2021.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 14 de Setembro de 2021.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2693

### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN PÚBLICA**

O Pleno do Concello de Sober en sesión extraordinaria celebrada con data 14 de setembro de 2021, acordou a aprobación inicial e, con carácter definitivo se durante o trámite de información pública non se formulan reclamacións, das Bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar de alumnas/os de educación infantil (2º ciclo) e educación primaria do CEIP Plurilingüe Virxe do Carme do Concello de Sober para este curso escolar, en réxime de concorrencia non competitiva, coa finalidade de facilitar ás familias o acceso ao material necesario para que os nenos escolarizados deste Municipio.

O que se somete a información pública, aos efectos e en cumprimento do que prevé o artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local -LRBRL-, a fin de que, no termo de trinta días contados a partir do día seguinte ao da inserción deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, poidan examinar o expediente de referencia, que se atopa de manifesto nas dependencias do Concello de Sober, e presentar, no seu caso, as reclamacións e/ou suxestións que consideren oportunas ante o Pleno do Concello.

No caso de que non se formulen reclamacións durante o período de exposición pública, o referido acordo plenario considerarase definitivo de conformidade co que dispón o artigo 49 in fine da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-.

Sober, 15 de setembro de 2021.- O Alcalde, Don Luis Fernández Guitián.

R. 2697

## **MINISTERIO DE FACENDA**

### **BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - FOLGOSO DO COUREL**

#### *Anuncio*

Axudas para a adquisición de libros e material escolar de alumnas/os de Educación Infantil (2º ciclo) do CIP Poeta Uxío Novoneyra do Concello de Folgoso do Courel

BDNS (Identif.): 583129

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/583129>)

**BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO) DO CIP POETA UXÍO NOVONEYRA DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL**

#### **1.- OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS**

O obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias para a adquisición de libros de texto e material escolar de alumnas/os matriculadas/os de Educación Infantil no CIP POETA UXÍO NOVONEYRA do Concello de Folgoso do Courel en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **2.- BENEFICIARIAS/OS**

As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais ou titores/as das/os alumnas/os que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que todos os membros da unidade familiar estean empadroadas e teñan residencia efectiva no Concello de Folgoso do Courel. (Entenderase por unidade familiar, de habelos, os dous pais/nais do alumno e os irmáns non emancipados salvo existencia de sentenza ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno)
2. Ter fillas/os cursando estudos de educación infantil de 3 a 5 anos no CIP Poeta Uxío Novoneyra, no curso 2021-2022
3. Non ser, ningún membro da unidade familiar, debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social

5. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Folgoso do Courel.

6. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Folgoso do Courel:

- a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en libros e material escolar para os cursos nos que se acredite a matriculación
- b. Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras
- c. Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións
- d. Comunicar ao Concello de Folgoso do Courel calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda

### 3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

As axudas será como máximo de 150 euros por cada fillo que estea cursando estudos de educación infantil (2º ciclo) de 3 a 5 anos no CIP Poeta Uxío Novoneyra, no curso 2021-2022. Aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 326.48 do orzamento municipal para o 2021 ata un total de 1.100 euros.

Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación poderá acordarse por Resolución da Alcaldía e deberá publicarse nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

### 4.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

4.1 PRAZO: As solicitudes deberán presentarse ata o 15 de novembro de 2021

4.2. LUGAR: Rexistro Xeral do Concello de Folgoso do Courel de 9:00 h a 14:00 h.

4.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR:

As solicitudes achegaranse mediante modelo oficial subscrito pola persoa interesada (pai/nai/titor legal). A presentación da dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade
- 2) Fotocopia do libro de familia. No seu caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno, de selo caso.
- 3) Certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo.
- 4) Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e co Concello, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar.
- 5) Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación.
- 6) Datos bancarios do beneficiario ou representante legal para recibir a subvención.
- 7) Facturas xustificativas no que figure o nome do solicitante e do neno/a beneficiario/a da axuda e detalle da compra dos libros e material escolar correspondente ao curso escolar 2021/2022
- 8) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

### 5.- PUBLICIDADE

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

### 6.- PROCEDEMENTO

O órgano competente para a concesión das axudas será o alcalde, previo informe da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro de 2021, e publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

## 7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais. En casos especiais, os cales terán que ser valorados polas profesionais do Departamento municipal de Servizos Sociais, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do/a beneficiario/a, aboaráselle ao establecemento subministrador do material escolar.

Terán a consideración de casos especiais aqueles que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social do Concello, co visto e praxe do/a Concelleiro/a de Asuntos Sociais.

Folgoso do Courel, 10 de setembro de 2021.- Dolores Castro Ochoa.

R. 2691

---

### *Anuncio*

Axudas para a adquisición de material escolar de alumnas/os de Educación Primaria e de Educación Secundaria no CIP Poeta Uxío Novoneyra do Concello de Folgoso do Courel

BDNS (Identif.): 583145

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/583145>)

**BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CIP POETA UXÍO NOVONEYRA DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL**

#### 1.- OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS

O obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias para a adquisición de material escolar de alumnas/os matriculadas/os de Educación Primaria e de Educación Secundaria no CIP POETA UXÍO NOVONEYRA do Concello de Folgoso do Courel en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### 2.- BENEFICIARIAS/OS

As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais ou titores/as das/os alumnas/os que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que todos os membros da unidade familiar estean empadroados e teñan residencia efectiva no Concello de Folgoso do Courel. (Entenderase por unidade familiar, de habelos, os dous pais/nais do alumno e os irmáns non emancipados salvo existencia de sentenza ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno)
2. Ter fillas/os cursando estudos de educación primaria ou secundaria no CIP Poeta Uxío Novoneyra, no curso 2021-2022
3. Non ser, ningún membro da unidade familiar, debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social
5. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Folgoso do Courel.
6. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Folgoso do Courel:

- a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en material escolar para os cursos nos que se acredite a matriculación
- b. Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras
- c. Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións
- d. Comunicar ao Concello de Folgoso do Courel calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda

### 3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

As axudas será como máximo de 50 euros por cada fillo que estea cursando estudos de educación primaria e secundaria no CIP Poeta Uxío Novoneyra, no curso 2021-2022. Aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 326.48 do orzamento municipal para o 2021 ata un total de 1.100 euros.

Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación poderá acordarse por Resolución da Alcaldía e deberá publicarse nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

### 4.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

4.1 PRAZO: As solicitudes deberán presentarse ata o 15 de novembro de 2021

4.2. LUGAR: Rexistro Xeral do Concello de Folgoso do Courel de 9:00 h a 14:00 h.

#### 4.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR:

As solicitudes achegarase mediante modelo oficial subscrito pola persoa interesada (pai/nai/titor legal). A presentación da dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade
- 2) Fotocopia do libro de familia. No seu caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno, de selo caso.
- 3) Certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo.
- 4) Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e co Concello, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar.
- 5) Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación.
- 6) Datos bancarios do beneficiario ou representante legal para recibir a subvención.
- 7) Facturas xustificativas no que figure o nome do solicitante e do neno/a beneficiario/a da axuda e detalle da compra de material escolar correspondente ao curso escolar 2021/2022.
- 8) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

### 5.- PUBLICIDADE

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

### 6.- PROCEDEMENTO

O órgano competente para a concesión das axudas será o alcalde, previo informe da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro de 2021, e publicarase no taboleiro de anuncios do concello.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

### 7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais. En casos especiais, os cales terán que ser valorados polas profesionais do Departamento municipal de Servizos Sociais, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do/a beneficiario/a, aboaráselle ao establecemento subministrador do material escolar.

Terán a consideración de casos especiais aqueles que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social do Concello, co visto e prace do/a Concelleiro/a de Asuntos Sociais.



Folgozo do Courel, 10 de setembro de 2021.- Dolores Castro Ochoa.

R. 2692

### *Anuncio*

Axudas municipais para o apoio á natalidade ano 2021

BDNS (Identif.): 583149

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/583149>)

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA O APOIO Á NATALIDADE ANO 2021**

#### 1. OBXECTO.

O obxecto das medidas contempladas na presente ordenanza será, por un lado, establecer medidas complementarias de apoio ás unidades familiares do Concello de Folgozo do Courel e por outro, deseñar mecanismos que axuden a fixar a poboación no Concello evitando así o despoboamento que ven sufrindo mediante axudas a familias que teñan ou adopten un fillo/a no Concello de Folgozo de Courel para os gastos de alimentos infantís ou produtos de hixiene ou farmacia para o bebé en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### 2. REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Serán beneficiarios/as destas axudas os pais/nais que estean empadroados no Concello de Folgozo do Courel e que teñan ou adopten un fillo/a e cumpran os seguintes requisitos:

1.- Que todos os membros da unidade familiar estean empadroados e teñan residencia efectiva no Concello de Folgozo do Courel. (Entenderase por unidade familiar, de habelos, os dous pais/nais do alumno e os irmáns non emancipados salvo existencia de sentenza ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno).

2.- Un membro da unidade familiar deberán estar empadroados no Concello de Folgozo do Courel cunha antelación mínima á data do parto ou adopción de 6 meses.

2.-Os nenos/as nacidos, ou adoptados, deberán inscribirse no padrón de habitantes do Concello de Folgozo do Courel.

3.-Os membros da unidade familiar deberán comprometerse a seguir empadroados no Concello, tanto o pai/nai como os nenos/as, por un período de catro anos dende o nacemento ou adopción.

4.-O empadramento suporá a residencia efectiva, polo que tanto os beneficiarios como os seus fillos, deberán vivir habitualmente en calquera das parroquias do Concello de Folgozo do Courel.

Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello solicitando os informes que procedan.

5.- Tódolos membros da unidade familiar deberán atoparse ao corrente dos seus deberes tributarios coa Facenda, coa Seguridade Social e co Concello de Folgozo do Courel, cuestión esta última que será comprobada de oficio polo propio Concello.

6. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Folgozo do Courel.

7. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Folgozo do Courel:

a. Cumprir a actividade obxecto da subvención.

b. Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras

c. Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións

d. Comunicar ao Concello de Folgozo do Courel calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda

#### 3. TIPOS E CONTIAS DAS AXUDAS.

As axudas serán como máximo de 500 euros por cada fillo nacido ou adoptado entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2021.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

#### 4. FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, cubertas no modelo normalizado habilitado para tal fin presentaranse no rexistro xeral do Concello de Folgoso do Courel.

As solicitudes deberán ir acompañadas, inescusablemente da seguinte documentación:

- 1.-Certificado de padrón da unidade familiar, expedido polo Concello, onde figure a data de alta no padrón de habitantes.
- 2.-Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade
- 3.-Fotocopia do libro de familia. No seu caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do/s fillo/as, de selo caso.
- 4.-Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas por a mesma finalidade.
- 5.-Compromiso de seguir empadroados no Concello de Folgoso do Courel por un período mínimo de catro anos.
- 6.-Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos.
- 7.- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non estar incurso en prohibición para ser beneficiario de subvencións.
- 8.-Certificación dos datos bancarios onde se pretenda recibir o importe da axuda.
- 9.- Facturas de gastos aos que se aplicou a axuda que deberán ser en alimentos infantís, produtos de hixiene e farmacia para o bebé.
10. Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

Prazo:

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ó que se produciu o nacemento ou adopción e finalizará o 30 de novembro de 2021. No caso de que o nacemento ou adopción se produza no mes de novembro ou decembro o prazo finalizará o 31 de xaneiro de 2022.

#### 5. ÓRGANOS DE RESOLUCION E PRAZO DE NOTIFICACIÓN.

- 1.-A resolución do expediente, previa emisión dos informes que procedan polo departamento de servizos sociais e Intervención, competará á Alcaldía.
- 2.-O prazo para resolver será dun desde a presentación da solicitude no rexistro xeral do Concello. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda ou subvención.

#### 6. PUBLICIDADE E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

A axuda contemplada nas presentes bases será compatible con calquera outra axuda coa mesma finalidade que poidan obterse doutros organismos públicos.

#### 7. FINANCIACIÓN.

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 231.48 do orzamento municipal para o 2021, ata un total de 2.000 euros para o exercicio.

Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación poderá acordarse por Resolución da Alcaldía e deberá publicarse nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

#### 8. NORMATIVA SUPLETORIA.

En todo o non previsto nesta ordenanza, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Folgoso do Courel para o 2017, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa de réxime local aplicable.

Folgoso do Courel, 10 de setembro de 2021.- Dolores Castro Ochoa.

R. 2694

### *Anuncio*

BDNS (Identif.): 583151

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/583151>)

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DE ESTUDANTES DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL**

#### 1.- OBXECTO E FINALIDADE

Estas bases teñen por obxectivo regular as axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles alumnos/as do Concello que estudan fóra do termo municipal durante o curso 2021/2022 coa finalidade de axudar na súa formación durante a etapa educativa do Bacharelato, Formación Profesional ou Universitaria, fóra do concello en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### 2.- BENEFICIARIOS

As axudas poderán ser solicitadas polas familias dos/as alumnas/os ou as/os propios alumnas/os se son maiores de idade que cumpran os seguintes requisitos:

1.- Toda a unidades familiar deberá estar empadroadada no Concello de Folgoso do Courel.(Entenderase por unidade familiar, de habelos, os dous pais/nais do alumno e os irmáns non emancipados salvo existencia de sentenza ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno).

2.- Ter entre 16 e 30 anos de idade, cumpridos no momento de presentar a súa solicitude.

3.- Non ter ingresos propios o/a alumno/a.

4.- Cursar estudos de Bacharelato, Formación Profesional ou Universitaria sostidos con fondos públicos durante o curso 2021-2022.

6.- Non ser, ningún membro da unidade familiar, debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social.

7.- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Folgoso do Courel.

8.- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 13 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### 3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍAS DAS AXUDAS

As axudas será como máximo de 200 euros por cada solicitante. A aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 326.48 do orzamento municipal para o 2021 ata un total de 1.800 euros.

Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación poderá acordarse por Resolución da Alcaldía e deberá publicarse nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

#### 4.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

4.1 PRAZO: As solicitudes deberán presentarse ata o 15 de novembro de 2021.

4.2 LUGAR: Rexistro Xeral do Concello de Folgoso do Courel de 9:00 h a 14:00 h.

#### 4.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR:

As solicitudes achegaranse mediante modelo oficial suscrito pola persoa interesada. A presentación da dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

1) Fotocopia do DNI de tódolos membros da unidade familiar maiores de idade.

- 2) Fotocopia do Libro de Familia.
- 3) Copia da matrícula do curso 2021-2022.
- 4) Declaración responsable de que o/a alumno/a non ten ingresos propios.
- 5) Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e co Concello, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar.
- 5) Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación.
- 6) Datos bancarios do beneficiario ou representante legal para recibir a subvención.
- 7) Facturas xustificativas.
- 8) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

#### 5.- PUBLICIDADE

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

#### 6.- PROCEDIMIENTO

O órgano competente para a concesión das axudas será o alcalde, previo informe da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro de 2021, e publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

#### 7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais.

A concesión de calquera outra axuda económica por parte do Concello terá carácter excepcional previa valoración do interese para o Concello de posibles iniciativas de persoas físicas e xurídicas que traten de potenciar sectores tan importantes como a cultura, a tradición popular, a concorrencia do turismo, a potenciación da zona e en xeral calquera que dentro das limitacións orzamentarias dun Concello destas características se poida apoiar sempre que se considere que é de interese público para o Concello.

Para o aboamento das subvencións ou axudas económicas que se poidan conceder polos órganos competentes, con cargo ó Orzamento, será indispensable acreditar polos perceptores estar ó corrente das súas obrigas fiscais coa Entidade que as concede, debendo xustificarse no prazo de tres meses a súa aplicación para os fins para os que foran concedidas, mediante a presentación dos documentos que suficientemente así o acrediten. Do mesmo xeito deberán cumprir tódolos

Folgo do Courel, 10 de setembro de 2021.- Dolores Castro Ochoa.

R. 2695

---

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

#### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA DE CONCESIONES OTORGADAS.

EXP A/27/22390, A/27/22457, A/27/22594 y A/27/22690

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público para general conocimiento que, como resultado de los expedientes incoados al efecto, por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico han sido otorgadas las siguientes concesiones para aprovechamiento de agua:

Expediente	Titular	Concesión otorgada	Fecha resolución
A/27/22390	Comunidad de Usuarios de Agua de Vilaverde	Aprovechamiento de agua de los manantiales "Fontes de A Fornela" (4) y de los sondeos "Fontes de A Serra" (3) en Fornela y A Serra, T.M. de Navia de Suarna (Lugo), con destino a abastecimiento y usos ganaderos en Villaverde.	12/08/2021
A/27/22457	Pedro Enríquez Méndez	Aprovechamiento de agua los manantiales Fonte das Antiguas, Pico da Anquela (2), Fonte da Chaila (2) y Fonte de Valín Delgado (2) en Carballido, T.M. de A Fonsagrada, con destino a riego en las parcela 104, 105 y 72 del polígono 22 y usos ganaderos para abrevadero en la parcelas 105 del polígono 22 y 115 del polígono 23.	12/08/2021
A/27/22594	Manuel Fernández Fernández	Aprovechamiento de agua del arroyo Das Romeas, en O Rebollín (Vieiro), T.M. de A Fonsagrada (Lugo), con destino a uso ganadero.	12/08/2021
A/27/22690	David Fernández Álvarez	Aprovechamiento de agua del manantial Fuente de Hortón, en San Mamede (Vieiro), T.M. de A Fonsagrada (Lugo), con destino a uso ganadero.	12/08/2021

Oviedo, 12 de agosto de 2021.- El Responsable del Área Concesional, David Pérez Méndez-Castrillón.

R. 2687

### Anuncio

#### INFORMACIÓN PÚBLICA DE CONCESIONES OTORGADAS.

EXP A/27/21865 y A/27/22384

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público para general conocimiento que, como resultado de los expedientes incoados al efecto, por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico han sido otorgadas las siguientes concesiones para aprovechamiento de agua:

Expediente	Titular	Concesión otorgada	Fecha resolución
A/27/21865	Manuel Fernández Fernández	Aprovechamiento del agua del cauce procedente del manantial de Trigas en Cartea, T. M. de Ribeira de Piquín (Lugo), con destino a riego en las parcelas 314 y 315 del polígono 40 y uso ganadero en la parcela 305 del polígono 40.	20/02/2020
A/27/22384	Comunidad de Usuarios de Travesas	Aprovechamiento de agua del arroyo Rego de Travesas, sito en Travesas (Freixo) T.M. de A Fonsagrada (Lugo), con destino a Travesas.	16/11/2020

Oviedo, 12 de agosto de 2021.- El Responsable del Área Concesional, David Pérez Méndez-Castrillón.

R. 2688

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

### Anuncio

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

**Expediente:** A/27/15014

Asunto: Solicitud de modificación de características de la concesión

Peticionario: Ayuntamiento de Sober

Nombre del río o corriente: Río Cabe-Canaval, Regato As Lamas, manantial Cacedo y manantial minas de Freixo

Caudal solicitado: 20 l/s

Término Municipal y Provincia: Monforte de Lemos y Sober (Lugo)

Destino: Abastecimiento

**BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:**

La modificación de características consiste en la ampliación de la concesión otorgada incorporando una nueva captación en As Minas de Freixo, parroquia de San Miguel de Marcelle, T.M. Monforte de Lemos, ampliación de la red de abastecimiento a varios núcleos y cambio en el caudal medio y volumen máximo anual derivado.

La captación de As Minas de Freixo se encuentra en una caseta de 2,20 x 2,20 de la que parte la conducción hasta el depósito de Vilastrille.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Monforte de Lemos y Ayuntamiento de Sober, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, 14 de septiembre de 2021.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2689